

Perdendo os papeis

(aproximación ó mundo dos fanzines galegos actuais)

por Anxo Cuba

Sempre que tentemos achegarnos ó panorama do cómic en Galicia teremos que facer unha merecida alusión ó universo infinito de fanzines, panfletos e papelotes diversos impresos e distribuídos de mil maneiras distintas de acordo coas posibilidades e o empeño dos seus creadores. É un feito comprobado que o fanzine exerce un importante labor revitalizador do panorama do cómic e que é unha plataforma de lanzamento de futuros profesionais do medio (aí temos a Miguelanxo Prado). Pero á marxe disto, o fanzine supón un agradable sopro de aire fresco en canto ó seu carácter absolutamente libre e anárquico. Un fanzine é algo así coma unha necesidade, un vómito de expresión xuvenil que non se pode conter.

Nos últimos anos Galicia viviu unha efervescencia fanzineira que deu lugar a produtos máis que aceptables e a pequenas xoias para calquera afeccionado que se prece. As Xornadas de Banda Deseñada de Ourense (coa súa Expofanzines), así como o Salón «Viñetas desde o Atlántico» (que dedica un stand ó mundo do fanzine autóctono), sen dúbida serviron para dar pulos a un movemento xa de por si ricaz e heteroxéneo.

As xornadas de cómic que organizou o Forum Metropolitano da Coruña no ano 1996 acolleron o nacemento da revista La Carallada, que parecía destinada a substituír á mítica Frente Comixario e converterse na plataforma máis sólida do cómic galego. Lamentablemente o proxecto frustrouse por unha penosa xestión editorial aínda cando o primeiro e único número editado se esgotou inmediatamente. Esta publicación coruñesa reuniu a xentes diversas vencelladas a varios fanzines como Lixo, Nicasso, Nova Línea, Andando correndo pola chaira ou El Bolchevique Vespertino. Todos eles deixaron un fato de boas páxinas cheas de ilusión da man de xente como Manel Cráneo, Javier Prieto, Jano, Bernal, Fernando Ruibal, Iñaki Quenerapú,...

Pero iso non era o único que se facía na Coruña durante eses anos. Unha asociación xuvenil chamada Nostromo sacou á rúa interesantes propostas como o fanzine homónimo ou o Pichiglass, Mi amigo el tubérculo,... nos que Adrián López, Urbano, Emma,... mostraban a súa paixón pola cultura trash (series de televisión, tribos urbanas, cine fantástico...). Estes fanzines foron unha descarada

e orixinal proposta que máis adiante desembocaría noutros productos como Freak In, Sin Fe, Obsoleto, Ojo por ojo,... Todos eles reivindicán as máis variadas formas de expresión xuvenil cunha tendencia ó manifesto ou grupo xeracional. Tendencia moito máis enfatizada en Os Caghondiolas ou O sabe dios ke, fanzines anárquicos de actitude apaixonada feitos por estudantes de socioloxía. Entre outras cousas entrevistaron a Antonio Blanco, cineasta galaico de culto. Estes proxectos non duraron moito a pesar de se reencarnaren en Un sueño imposible alá polo ano 1997, o cal só durou un número.

Tanto este grupo coma o anteriormente citado, vencellado a La Carallada, seguen actualmente sacando diversos fanzines como Sin Fe, Merienda de Locos, Calamar, ou outros que non podemos afirmar se continuarán ou estarán fenecidos como Macabro, Craneografía, Craneofilia, Ruídos de fondo, Os rústicos da guadaña, Costra de postre, Changhedo, Esto es la guerra, El jardín atómico... Ademais, outra asociación aínda activa, Fun Comic, edita un boletín para socios e o fanzine Nosotros somos los frikis.

Por outra banda, tamén na Coruña hai outras fronteiras fanzineiras alleas a La Carallada. Entre eles está Malfeito, do cal sairá a xa un pouco máis profesional revista Ovo, que conta ata o momento con dous números publicados. Dirixidos ambos proxectos por Carlos Barros, tamén participaron Manel Cráneo, Javi Montes, Xosé Lois Hermo,...

Outras publicacións coruñesas de menor calado son Tozine, Niño enfermo, Tupperware ou Morrerás esganado; este último contou con tres interesantes números nos que se mesturaba música, cómic, cinema... e no seu último número veu acompañado dunha maqueta de grupos xoves.

Fóra da Coruña houbo unha data importante para o panorama fanzineiro, que foi o I Salón do Cómic de Vigo, dirixido por Carlos Portela e que, desgraciadamente, non tivo continuidade. Alí, ademais de publicarse un catálogo das obras premiadas no concurso, puidéronse ver fanzines vigueses xa veteranos como o Chámalle X ou as súas derivacións Xénese e Whore. Ademais, nunha temática máis ampla que o cómic está tamén o veterano Semanario Corsario, fanzine de librepensamento no que estaba implicada a xente que máis tarde dirixiría o proxecto Bambán especial cómic, que contou cunha grande difusión gratuíta.

Pero non queremos esquecernos doutros importantes fanzines como O Fanzine das Xornadas, editado cada ano nas Xornadas de B.D. de Ourense e dirixido por Henrique Torreiro, ou o lugués Kedeké, interesante proxecto experimental encabezado por Guitián, ou o recente e aínda en activo Alopecia Mental, que xa ten dous números na rúa.

Á marxe das grandes cidades tamén houbo fanzines saídos de vilas de Galicia como O Gharabato do Rato desde Ribeira, que chamou a atención polo seu

formato (viña enrolado dentro dun vaso de iogur con etiqueta serigrafada), ou o Comikaze, do Porriño, que ata o de agora conta con cinco números publicados.

Para rematar quero deixar claro o carácter parcial deste listado, algo que leva implícita calquera escolma posible de fanzines, xa que é un mundo inabarcable e en constante cambio, pero coido que cos citados se pode ter unha visión bastante ampla deste apaixonante universo das pequenas publicacións.

Reseñas dos fanzines por orde alfabética

A.C.

Alopecia Mental. 2 números. Formato A5. B/N. Contacto: Miguel Porto, Mide 46, 36390 Vigo. Fanzine que mestura cómic e relatos bastante interesantes da man de xente como Carlos Portela, Víctor Ribas, Miguel Porto, Jano,... Semella consolidarse e mellora en cada número.

Andando correndo pola chaira. 3 números. Formato A4. B/N. Contacto: ver Merienda de Locos. No seu segundo número saíu con portada a cor e case 100 páxinas nas que se fundía o cómic con outros temas como o deseño (entrevista a Pepe Barro). Traballos de Anxo Cuba, Jano, Bernal, Fernando Ruibal,...

Baixo chan. 1 número. Formato A4. Fanzine xestado nun cursiño de cómic impartido por Calros Silvar. Contén obras do propio Silvar e de Jano e Bernal.

El Bolchevique Vespertino. 1 número. Formato A4. B/N. Contacto: Apdo. 4010, 15011 A Coruña Javier Prieto preséntanos dúas historias interesantes nun estilo que recorda ó primeiro El Víbora (especialmente a Iron). Unha parte da edición veu acompañada dunha maqueta de grupos noveis coruñeses da liña máis cañeira.

Calamar. 1 número. Formato A5. B/N. Minifanzine cunha historia muda de corte surrealista firmada por Jano no seu estilo máis simplificado e experimental. Recomendable.

Os Caghondiolas. 1 número. Formato A4. B/N. Fanzine construído na súa meirande parte con recortes de prensa e titulares espectaculares a modo de collage cargados de cinismo e mala hostia. Denuncian todo o denunciante e cáganse na policía e no mundo adulto en xeral.

La Carallada. 1 número. Formato A4. Portada en cor. Revista que reuniu a un bo fato de debuxantes xoves como Robledo, Fernando Ruibal, Manel Cráneo,... Contaba cunha sección de reseñas así como diversos artigos e unha entrevista ó Doutor TNT. Foi unha das propostas máis interesantes do cómic galego polos seus colaboradores, as seccións o deseño...

Chámalle X. 6 números. Formato A4. B/N. Contacto: Nacho Lavandeira, Venezuela 17-7ªA, 36206 Vigo. Integramente dedicado ó cómic, principalmente con influencias dos superheroes americanos e a espada e bruxería. Un dos fanzines que nunca morre e que leva xa bastantes anos.

Changhedo. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: Bernal, Concepción Arenal 1-6ºD, 15006 A Coruña. Fusión dos fanzines Hedoné e Changhai con maior interese polo cómic (Javi Prieto, Bernal, Anxo Cuba,...) aínda que mesturado con relatos e poemas (Daniel Tideo, Miguel E.).

Comikaze. 5 números. Formato A5. Portada en cor. Contacto: Rúa da Coruña 5, 36400 O Porriño, Pontevedra.

Costra de postre. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: Manel Cráneo, Rúa Comercio 13-5º, 15010 A Coruña. Fanzine de temática e estética gore coa aparición estelar de Ana Obregón. Cómic e ilustracións varias así como instructivas fotomontaxes.

Craneografía. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: ver Costra de Postre. Ilustracións diversas de M. Cráneo na súa liña máis experimental e marciana. Interesante.

Craneofilia. 1 número. Formato A6 en papel reciclado. B/N. Contacto: ver Costra de Postre. Minifanzine no que unha serie de autores como Emma, Urbano, J. Prieto, A. Cuba, Bernal, Jano,... mostran as súas ilustracións sobre cranios, instigados por Manel Ídem. Moi interesante.

Diario Apache. 3 números. Formato A4. B/N. Contacto: v. Morrerás esganado. Dirixido por David Facal, trata o tema do rol e o xénero de espada e bruxería, así como o cómic americano. Aparecen os primitivos traballos de Jano.

Esto es la guerra. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: Apdo. 4010, 15011 A Coruña. Fanzine paródico da saga Star Wars cunha magnífica presentación impreso en papel couché e un desternillante contido que lle valeu ser o fanzine máis vendido no último Salón «Viñetas desde o Atlántico».

O Fanzine das Xornadas. 6 números. Formato 24 _ 17 cm. Portada en cor. Contacto: Colectivo Phanzynex, Rúa Manuel Murguía 15-5ºD, 32005 Ourense. Desde sempre un dos fanzines mellor editados e máis interesantes de Galicia. Reseña os acontecementos das Xornadas de BD de Ourense e ofrece páxinas de cómic dos mellores debuxantes, tanto galegos como internacionais.

Freak In. 2 números. Portada en cor. A5. Contacto: Cantón Pequeno 26-4º, 15003 A Coruña. Minifanzine apaisado monográfico. O número un é un especial extraterrestres e o segundo, especial underground. Fotos e viñetas diversas sobre o tema tratado, algunhas auténticas rarezas.

O Gharabato do Rato. 3 números. Formato iogur con portada en cor. Interesante e orixinal fanzine de tiras de cómic (o formato obriga). Ademais sacaban abundante merchandising como adhesivos e folletos, todos eles serigrafados. Obras de Breixo Harguindey, Anxo Cuba,...

Jamón endiablado. 1 número. Contacto: ver El Jardín Atómico. Fanzine de formato mini-apaisado con portada en cor. Fotomontaxes e cómic diversos ó máis puro estilo Dave McKean.

El Jardín Atómico. 1 número. Formato A5. Portada en cor. Contacto: rúa Castaño de Eiris 3, 15009 A Coruña. Historia longa de aventuras e monstros varios cun acertado debuxo de Álvaro.

Kedeké. 2 números. Formato A5. B/N. Contacto: Alberto Guitián, Avda. das Américas 30-1º, 27004 Lugo. Fanzine moi interesante de experimentación e ilustracións, no que ademais do propio Guitián están Josetxo e Manel Cráneo. Incorpora o divertido suplemento Biscoito.

Lixo. 7 números. Formato variable en B/N. Un dos mellores fanzines coruñeses. Dirixido por Jano, conta con colaboracións tanto dos habituais como de autores asturianos, madrileños, valencianos,... todos dun gran nivel. O número dous foi un especial cómic de prensa, e o número seis tivo com portadista a Miguel Ángel Martín.

Macabro. 3 números. Formato A5. B/N. Contacto: Anxo Cuba, rúa Sofía Casanova 8-2ºD, 15007 A Coruña. Fanzine gratuito de temática escura que contou con colaboracións de Cristo Aleister, Bernal, Jano, Manel Cráneo, Javi Prieto,...

Merienda de locos. 3 números. Formato A5. B/N. Contacto: ver Macabro. Artigos, ilustracións e cómics de estética psicodélica.

Malfeito. 4 números. Formato A5. B/N. Contacto: ver Ovo. Fanzine de humor salvaxe e abundante cinismo con interesantes e graciosos cómics.

Marmoflagia. 2 números. Formato A5. B/N. Contacto: Iago Camacho, Capitán Juan Varela 13-7º, 15007 A Coruña. Aventuras duns personaxes chamados marmóflagos.

Mi amigo el tubérculo. 11 números. Formato A5. Portada en cor. Contacto: Juan Pil, Alcalde Folla Yordi 10-3º, 15002 A Coruña. Artigos sobre o cómic no cine, porno stars, vampiros,... É algo así como o 2000 maníacos galaico.

Monográfico. 1 número. Formato A4. B/N. Fanzine antecesor do Lixo dedicado especialmente ó cómic norteamericano máis experimental.

Niño enfermo. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: Ronda de Outeiro 244-3º dta., 15010 A Coruña. Divertido fanzine de monigotes con aspecto infantil e lingua moi afiada.

Nosotros somos los frikis. 1 número. Formato A4. B/N. Contacto: Fun Cómic, Apdo. 879, 15080 A Coruña. Repaso polos acontecementos máis importantes do salón coruñés e das actividades da asociación.

Nostromo. 1 número. Formato A5. B/N. Cómics de Emma, Urbano e Adrián López e información sobre a asociación homónima.

Obsoleto. 2 números. Formato A5. B/N. Contacto: mioclonic@yahoo.com. Fanzine de relatos, cómic, poesía, ilustracións,... dirixido polo incombustible M. Glon.

Ojo por Ojo. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: ver Freak In. Bocetos e debuxos soltos de Adrián López.

Ovo. 3 números. Formato A5. Portada en cor. Contacto: Apdo. 816, A Coruña. Un dos fanzines con presentación máis profesional. Contén cómics dos mellores debuxantes galegos.

Pichiglass. 2 números. Formato A5. B/N. «El fanzine para mentes enfermas» reuniu nas súas páxinas cómics sobre os freaks, as lobas, os jichos, moda xuvenil,... todo cun gran sentido do humor e interesante maquetación.

Ruídos de Fondo. 1 número. Formato A5. B/N. Contacto: ver Esto es la guerra. Sen dúbida o máis interesante dos produtos da factoría Bolchevique Vespertino, especial dedicado ó mundo da música con cancións de clásicos do pop e rock pasados ó cómic por Jano, Manel, Javi Prieto, Anxo Cuba, Bernal,... Moi recomendable tanto polo seu contido como pola súa presentación.

Sin Fe. 4 números. Formato A5. Contacto: v. Freak In. «El fanzine humanista pop» é do máis interesante que se fai na Coruña a pesar do baixón do último número. Relatos, poesía, debuxos, cómic...

Tozine. 2 números. Formato A5. B/N.

Tupperware. I número. Formato A5. B/N.

Un sueño imposible. I número. Formato A4. B/N. Contacto: Luis Liñares, Eirís de Abaixo 100, 15008 A Coruña. «El fanzine de la era del post-desencanto». Contén preto de cen páxinas de reflexións varias e cómics de Javi Prieto e Anxo Cuba.

Whore. 2 números. Formato A4. B/N. Contacto: Jorge Coello, rúa Caldas de Reis 20-7º esq., 36209 Vigo. Interesantes cómics do propio Coello e de Carlos Portela, Víctor Ribas, Norberto Fernández,...

Xénese. Fanzine herdeiro do Chámalle X tamén dedicado ó cómic.

Publicado na revista mensual "TEMPOS Novos", Nº39, agosto 2000. Reproducido aquí co permiso da publicación.

Comic na galiza: e pur si muove

C. R. R.

Cando recibín o encargo de escribir este artigo —«sobre a actualidade do cómic galego», dixo-me unha voz misteriosa polo telefone— non puideron evitar que unha sorriso un tanto aceda asomase nos meus labios. Foi como ver-me de súpeto na beira dun deserto, pronto a entrar nele para me perder nas súas areias e case sen auga na cantimplora. Ao tempo que contemplaba ese panorama desolador surxían as preguntas, unha detrás de outra: ¿Hai vida no cómic galego alén dos voluntariosos fanzines? ¿Hai unha industria específica do cómic galego? ¿Existe un espazo onde os autores galegos, tanto debuxantes como guionistas, podan desenvolver as súas ideas? ¿Ten a banda deseñada galega canles normalizadas de distribución e publicidade dos seus produtos? ¿Cal é a política de subvencións da Xunta a respecto desta industria? ¿Que é que pensan as editoras galegas do cómic? Son moitas as preguntas, poucas as respostas realmente positivas. Porén, é xusto recoñecer que no medio deste horizonte apareceron ultimamente algúns arbustos que rachan con esa liña monótona e ofrecen algunha escusa á esperanza, se ben pequena, para os que amamos a un tempo o noso idioma e este medio de expresión artística.

Creio lembrar unha entrevista que lle fixeran a Miguelanxo Prado a principios dos noventa onde afirmaba que en dez anos o cómic galego sería unha realidade con moi boa saúde. A case dez anos desas palabras o certo é que a cousa non cambiou tanto. Fora de algúns feitos salientábeis, seguimos case nas mesmas. Tamén hai que comprender que o cómic é unha arte inseparable da súa industria, e esta industria, xa falando a nivel do Estado, é un sector en crise perpétua, pendente sempre de moi diversos factores. Se ben é certo que a oferta creceu e apareceron editoras independentes como Dude ou La factoría de Ideas, con criterios máis arriscados á hora de publicar novos autores, as vendas seguen estancadas máis ou menos nos mesmos parámetros que hai unha década. Sería unha revista como El Víbora a que se levaría a palma cunhas vendas que fluctúan, dependendo da época, entre os vinte mil e os cuarenta e cinco mil exemplares, pero unha colección como «Brut Comix», tamén da editora La Cúpula, non ten nen de lonxe as mesmas vendas. E a estrela de Dude, a serie Bone de Jeff Smith, chega a vender 6.000 exemplares, «tremendo» éxito que os responsábeis de Dude apenas podían acreditar. E non esquezamos que estou a falar do mercado español. Pensar, entón, en producir e vender cómics en e para a comunidade galega, onde o número de posibles consumidores se reduce dramaticamente encanto os custos, pola contra, soben, require algo máis do que amor pola arte. Precisaríase, por exemplo, dunha adecuada política de subvencións e axudas que primase autores e idioma propios; dun compromiso dos editores para con estes autores e outro dos distribuidores para non limitar os seus circuitos ás grandes cidades. E postos a

pedir sería tamén moi productivo que a xente se decatase de que a banda deseñada non é, só, cousa de rapaces; que é un medio expresivo cunha linguaxe e regras propias que é preciso coñecer para, ben acatando-as, ben rompendo-as, producir unha obra.

A Xunta tampouco debe de crer que isto do cómic sexa algo mais do que unha aventura xuvenil. Por unha banda promociona xornadas, salóns, mesmo un concurso anual de banda deseñada con suculentos premios, onde afeizoados e autores poden achegar-se e mostrar os seus productos. Pero despois disto non hai nada, nengún lugar onde dirixir-se para ofrecer os teus traballos. A consecuencia directa é que os autores galegos se ven obrigados a levar os seus traballos ás editoras de Madrid e Barcelona se queren seguir facendo tebeos e, se queren ficar aquí, dedicar-se a outra cousa. Para xente tan séria e ben abotoada o cómic, con certeza, non pasa de ser un xogo de rapaces que, cando medren, abandonarán por cousas mais dignas de respeito como, por exemplo, un libro; pero deberían decatar-se de que o cómic é só un aspecto mais da nosa cultura, cecais o mais novo, e polo tanto mais necesitado de apoio á hora de comezar a andar.

E ollo, que non estou falando de pechar-nos a influencias externas, de ollar só para o embigo propio. Non creio que gostase da banda deseñada se non tivese lido a obra de xente como Winsor McCay, Caniff ou Eisner; se non tivese ao meu alcance a Carlos Giménez, a Víctor de la Fuente, a Giraud, a Gotlib; se non puidese ler a Alan Moore, a Neil Gaiman, a Frank Miller e Miguelanxo Prado. Pero o cómic galego merece unha oportunidade. Porque autores non faltan. Sen sair do ámbito do Concurso Galego de Banda Deseñada, que este ano vai pola decimosexta convocatoria, poderíamos falar de Juan Carlos Abralde e Suso Sanmartín, do expresionismo de Ruibal Piay, do maravilloso uso das cores de Kiko Da Silva, da excelente montaxe das páxinas de Bueno Capeáns ou da inventiva do duo Portela-Iglesias, que publicou na editora barcelonesa Camaleón a moi interesante Impresiones de la isla... e aínda hai mais.

O que está claro é que non se pode facer unha obra con miras unicamente ao mercado galego. Se é práctica habitual nas editoras do resto do estado ofrecer as obras propias a editoras estranxeiras para facé-las mais rendíbeis, o que debe facer o cómic galego é producir obras que podan ser consumidas alén do noso territorio lingüístico. Pero para poder chegar a iso primeiro hai que coidar do que temos, dar cancha aos nosos criadores e prové-los de plataformas adecuadas para a difusión dos seus traballos. A primeira tarefa é conquistar un posto no noso propio mercado.

A respecto disto están a surxir nos últimos tempos unha serie de experiencias (case experimentos) que están a encher de algún xeito, iso si, devagar, ese baleiro, ese deserto do que falaba no principio deste artigo.

Por exemplo, Golfiño. A revista infantil publicada por Xerais é unha boa idea, tan necesaria como óbvia. Moitos de nós aprendemos a ler de pequenos con cousas como Tintín, Mortadelo y Filemón, Capitán Trueno ou Asterix, todo en perfecto castelán, mentres nos comunicábamos cos nosos pais e amigos en galego. Non tiñamos onde acudir para ler en galego algo da nosa talla, co resultado de que moitos, lonxe do mítico bilingüismo harmónico, acabamos falando mal dous idiomas ou falando ben un mal idioma, o castrapo. É, pois, Golfiño, unha revista que debía de estar aí desde hai tempo, polo menos desde que Vagalume, aquela revista editada por Lumeiro nos anos setenta, desapareceu. Pero Golfiño, como revista especificamente dirixida a un público infantil, ten varias e importantes taras; a primeira delas é o elevado prezo (450 pts. por 16 páxinas é, sinxelamente, monstruoso) que fai que calquer pai, por moi galego que sexa, o pense dúas veces antes de mercá-la. O segundo problema son os contidos pois mentres hai unhas historietas claramente dirixidas a un público infantil, como «Os escachapedras» e «Tom» (de Bueno Capeáns e de Andrés Meixide, dous valores que tamén pasaron polo Concurso Galego de Banda Deseñada), outras parecen feitas para un público algo maior, como os «Soños» de Cobas e Docampo, «A retirada de Sir John Moore» de Carreiro ou «A deusa máxica» de Ferreiro. Estas dúas últimas teñen ademais o problema de seren historias longas distribuídas en capítulos. Se temos en conta que a meia estándar para este tipo de historias é de 48 páxinas, atopámonos con que tardaremaos dous anos xustos en ver o remate. ¿Que neno aguanta iso? De neno eu pasaba por riba das historias de «continuará» sen sequer ollar para elas e o «Teniente Blueberry» nunca me interesou serializado nas páxinas das revistas de Bruguera. Só me acheguei a ele cando a Bruguera se lle ocorreu publicar Fort Navajo en tomo (moi mal editado, por certo) e foi aí cando me enganhou. Por estas e outras causas o entusiasmo xerado no principio pola revista parece estar decaendo e con ele as vendas, engadindo-se aos problemas antes citados unha mala distribuíción que pasa case exclusivamente por livrarias, esquecendo outros espazos e restrinxindo así a súa chegada ao público.

Seguindo coas revistas, hai que falar tamén de Elipse, esta patrocinada directamente pola Xunta e baixo a dirección do sempre inquieto Miguelanxo Prado. Como proxecto para permitir o acceso de novos autores a un medio de expresión adulto a idea resultaba moi interesante, pero ficou a medio camiño. O tratamento dos orixinais (entre os que había historietas realmente boas), a maquetazón, mesmo o formato, non acadaban o mínimo de profesionalidade que se lle exige a unha revista deste tipo para ser competitiva. Pero o maior problema vén da súa morosa continuidade, que lle permite apenas presentar-se como algo testemuñal, incapaz de chegar aos circuitos comerciais que debían ser o seu obxectivo. O primeiro número saiu en outubro do 98, e nesta altura, despois de varios anuncios, o segundo número segue sen aparecer cando en orixe a cadencia de saída da revista ia ser de seis meses. Un novo anuncio situa a súa presentación a finais de agosto no próximo «Viñetas desde o Atlántico» na Coruña. A ver se esta vez temos sorte, pero tamén circulan polo ar ominosos rumores de censura que, de ser certos, tal vez supoñan o fin deste proxecto.

Para que un mercado funcione ten que haber de todo, tanto en cuestión de temáticas e estilos como de formatos, que deberían ser tan variados como o meio permita: revistas, comic-books, libros, tiras... e tamén álbums. No caso destes últimos a oferta pasaba até hai ben pouco polas traducións de Asterix ou os intentos de Xerais de editar historietas de produción franco-belga que non acadaron moito éxito a pesar da evidente calidade de algunha delas. Porén, o trio formado por Fausto, Méndez e Malvar tomou como base esa fórmula, mesmo algo do estilo, para criaren a serie «Un misterio para Simón», onde se narran as aventuras de Simón, unha moza galega dos nosos días que sempre anda metida entre segredos e aventuras e que xa vai polo cuarto volume. Esta continuidade permite apreciar como evolue o traballo dos autores desde o primeiro título, *A irmandade dos lectores tristes*, do 94, até o último, *A maldición dos Velasco*, tanto no debuxo, a montaxe e a posta en páxina como no guión e o deseño de carácter dos personaxes. *Un misterio para Simón* é pura aventura xuvenil, interesante e bastante ben contada, o que supón un bon rato de lectura e entretenimento. ¿Que mais podemos pedir? Un detalle a ter en conta é que a iniciativa parte do Convenio Tren Caixa Galicia, sendo a primeira vez, penso, que unha institución privada non directamente vinculada ao cómic apoia este meio. É, con certeza, todo un exemplo á hora de entender a cultura como algo vivo e múltiple. Esperemos que o exemplo calle e outros se animen a seguilo.

Quería falar por último dunha obra que, no momento de escribir estas torpes liñas, aínda non está publicada, anque só é cuestión de días que o faga, como non, Xerais. Trátase de *Cita na Habana*, de Fran Jaraba, un veterano da B. D. galega desde aquel lonxano 1979 no que, con Xan López Domínguez e Prado, editara o fanzine *Xofre*. Colaborador habitual de *Can sen Dono*, a revista humorística, levaba tempo afastado da historieta e traballando como ilustrador. *Cita na Habana* supón o seu retorno e unha moi grata sorpresa por canto é unha obra ambiciosa, moi ben contada e ambientada. O trazo fino e sinuoso de Jaraba e unhas páxinas compostas de xeito bastante clásico pero sempre funcional permiten seguir con entusiasmo as aventuras de Maxi Torres na guerra de Cuba mentres busca á súa amada, «*La Argentinita*», actriz nunha compañía itinerante. Apenas puiden ler con calma esta obra, pero podo asegurar que a súa lectura paga a pena, e son obras así as que farán un día que o cómic galego teña o respecto que merece.

Xa o dixen antes, son apenas uns poucos arbustos entre a areia. Queda moito por facer, case todo, e aínda hai moitas portas que abrir ou derrubar, pero iso tamén pode ser positivo: desde aí, o único que pode facer o cómic galego é crecer.

As xornadas de ourense: doce anos de banda deseñada

Henrique Torreiro

As Xornadas de Banda Deseñada de Ourense chegarán este ano, se nada falla, á súa duodécima edición. A pesar da súa evidente modestia orzamentaria, teñen cultivada xa unha pequena fama en moitos países, sobre todo pola súa atención ao mundo dos fanzines. As liñas que veñen a continuación pretenden dar a coñecer un pouco máis en qué consiste esta experiencia de cultura de base, que este ano se complementou, en forma reducida, cunha «Semana da Banda Deseñada» que visita moitas das vilas de Galicia.

Naturalmente, a principal intención das Xornadas é potenciar o coñecemento da Banda Deseñada, un medio de expresión que, no caso español, non ten aínda a categoría cultural que merece, e, por suposto, favorecer a creación dos autores galegos para conseguir un produto cultural propio. A BD, sexa pola súa complexidade técnica e carestía de reprodución, sexa pola pouca consideración cultural que recibiu tradicionalmente na nosa sociedade —na de toda a Península Ibérica, en realidade—, carece dunha mínima tradición cultural en Galicia. Moito se ten avanzado na construción dunha banda deseñada galega, pero aínda fica moito máis por facer, e ese é ou quere ser un dos labores das Xornadas.

Moitos obxectivos están unidos nesta nosa iniciativa cultural: como pode observarse pola traxectoria de máis dunha década de Xornadas de BD en Ourense, estes van guiados ao local, mais sempre mediante a maior apertura posible cara ao exterior. Á diferenza co que acontece coa maioría dos Salóns e Festivais de BD que existen por todo o mundo, o compoñente comercial é practicamente inexistente no caso ourensán. Non é unha iniciativa empresarial, senón cultural; non se caracteriza polos seus grandes medios, senón máis ben polo seu propósito de facer as mellores cousas cos mínimos orzamentos. Organizadas desde abaixo, con moito voluntarismo e grande atención ao didáctico e ao popular —entendido o popular como a non identificación do cultural só con certas formas ‘tradicionalis’ ou elitistas—, as Xornadas aspiran a facer, dentro das súas posibilidades, unha pequena mobilización multi-cultural, que interconecte o máximo número de ámbitos, presididos polos cómics; poden así observarse, dentro das Xornadas, actividades que percorren un amplo abano, desde as de difusión das técnicas de creación de BD e as de animación á lectura entre públicos infanto-xuvenís ata as proxeccións cinematográficas de filmes relacionados coa novena arte. Algunhas das claves do rumbo desta modesta iniciativa son a colaboración con gran cantidade de institucións, públicas e privadas, en vistas a intercambiar experiencias e materiais; a grande atención ao mundo da autoedición e os novos autores; e a preocupación polas edicións propias das Xornadas.

As Xornadas naceron en 1989, pola conxunción entre o grupo Frente Comixario e a Casa da Xuventude de Ourense —coa desaparición dos primeiros, sería o Colectivo Phanzynex quen ocuparía o seu lugar na organización—. Pouco e pouco foron abríndose paso no panorama cultural da cidade, ocupando con ‘novena arte’ as salas tradicionais de exposición. Mostras itinerantes de importancia dentro do Estado foron chegando a Ourense; tamén chegaron exposicións monográficas de grandes artistas españois e internacionais, tales como Prado, Gallardo, Jan, Tha, Max, Vaquer, Jaime Hernandez ou Boucq; e exposicións froito dos contactos con Portugal, tanto institucionais como de fanzines e editores independentes. Cada edición está contando con arredor dunha decena de exposicións, parte xa montadas para outras ocasións, pero parte tamén producidas especificamente para as Xornadas ourensás.

Desde un primeiro momento foron organizados cursiños, obradoiros, presentacións de álbums, revistas e proxectos diversos, debates, encontros e charlas, así como outras actividades tamén de acceso a públicos amplos como as proxeccións —primeiro en formato videográfico, e desde hai varias edicións tamén cinematográfico—; ou os concertos, caso dos de Buenas Noches Rose e Felpeyu, ambos grupos relacionados con fanzines de historietas. Para todas estas actividades contamos con convidados especiais, que serviron para coñecer outras experiencias e para establecer novos vínculos con proxectos semellantes ao noso. Grandes autores internacionais da BD e a ilustración como Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez, Gallardo, Max, Tha ou Vaquer; pero sobre todo críticos, estudiosos e representantes dos máis destacados fanzines de toda a Península e mesmo de fóra (Francia, Brasil) teñen estado en Ourense compartindo as súas experiencias co público galego.

Dentro desa política de atención ao mundo da fanedición, lugar preponderante ocupa a Expofanzines; creada en 1990, empezou como unha pequena experiencia con menos de medio centenar de títulos —españois, portugueses e brasileiros—, pero cedo acadou resonancia noutros países ata chegar, na última edición, a superar o milleiro de títulos catalogados. A razón do ‘éxito’ parece indubidablemente relacionada coa edición dun folleto no que se reseñan un por un os títulos presentes, coas principais características técnicas, un comentario e o enderezo de contacto. Dito folleto é remesado a cada un dos participantes, co que todos eles teñen referencias dos demais, e xérase así unha sorte de exposición virtual que desliga a Expofanzines dos límites espacio-temporais das Xornadas. Dese xeito, estase en ‘intercomunicación’ con publicacións da small press de case unha trintena de países de todo o mundo. Nesta exposición considérase «fanzine» tanto o dignísimo fato de fotocopias de realización artesanal como a revista amateur que está feita coas máis modernizadas técnicas de fotocomposición e impresión: non importa a aparencia, importa o contido, o espírito. E iso parecen asumilo tanto unhas publicacións como as outras, xa que

contestan á nosa convocatoria, o que constitúe a nosa principal clave para identificalas como tales.

O último paso no proceso de realzamento do protagonismo dos fanzines veu da man da «revista oficial», que precisamente foi bautizada como O Fanzine das Xornadas. Necesitábase un maior apoio textual sobre as exposicións e actividades das Xornadas, un maior contacto co público para integralo nelas; foi así que se decidiu elaborar un informativo propio, un medio que transmitise clara e axilmente os contidos e as intencións do noso pequeno proxecto cultural. Ao mesmo tempo, a revista tiña que ser útil para aquelas persoas non afeccionadas aínda á BD, e para os que si o eran; para os visitantes das Xornadas, e tamén para os que non o foran —a xeito de ‘tarxeta de presentación’—. Desde o primeiro número (1994), xunto con artigos relacionados co programa das Xornadas dese ano, a revista inclúe referencias a boa parte do mellor material chegado para a edición da Expofanzines. A idea é abrir amais un oco para ver o que hai dentro desas publicacións, traducindo algunhas páxinas de BD aparecidas en fanzines estranxeiros. Podería parecer contraproducente, cando non existen moitas alternativas para os autores locais para veren as súas páxinas publicadas, empregarmos unha parte do espacio disponible en autores foráneos. Porén, coidamos que o feito de publicar a estranxeiros, amais de contribuír a un saudabilísimo intercambio cultural —a unha supresión real de fronteiras, que é a fin de contas unha das cousas perseguidas pola Expofanzines, e por unha boa parte (queremos crelo así) dos que traballamos polo movemento fanzineiro—, constituía un aporte de ar fresco e un revulsivo para o panorama local, que por suposto ten tamén moita cabida nas páxinas do Fanzine. Así, teñen aparecido nas páxinas da revista oficial traducións ao galego de cómics procedentes de Holanda, EE.UU., Finlandia, Portugal, Gran Bretaña, Francia, Eslovenia, Alemaña, Canadá e Iugoslavia; todos eles, debidamente acompañados dun nutrido grupo de xoves creadores galegos (Robledo, Manel Cráneo, Fernando Ruibal, Tito, Kiko da Silva, Luís Mato, Javi Prieto, Suso Sanmartín, Guitián, Martín) que, cremos, non saen nin moito menos malparados da comparación cos convidados. O Fanzine das Xornadas complementábase cun pequeno suplemento de traducións ao inglés, polo que os cómics destes autores galegos poden ser entendidos en todo o mundo: con isto, complétase o círculo dalgún xeito.

Finalmente, como experiencia piloto e por encargo da Consellería de Familia, está a desenvolverse, como unha especie de extensión das Xornadas ourensás aínda que independente destas, un pequeno programa itinerante de actividades relacionadas coa Banda Deseñada por vinte e catro concellos de Galicia. Componse de exposicións, proxeccións, presentacións e un obradoiro sobre a realización de historietas pensado para rapaces e rapazas. O proxecto é máis complicado do que pode aparentar, porque é un só programa que hai que adaptar a cada localidade; iso depende en boa parte, amais, do traballo dos técnicos de cultura locais, que non sempre teñen por qué entender de BD. É un labor que busca en principio só pequenos resultados, abrir novas sensibilidades

para a arte nona en lugares nos que hai pouca presenza da mesma, e precisamente a ilusión que os monitores están a detectar nos asistentes aos obradoiros parece dicir que o camiño non é equivocado. De paso, a «Semana da Banda Deseñada» permitiu tamén unha nova edición dunha revista de divulgación sobre a Novena Arte adubada con bos cómics de novos autores galegos. Naturalmente, a intención é que en moitas destas vilas se desperten ideas sobre dinámicas de animación sociocultural distintas: de feito, a Semana da BD serviu nalgúns Concellos para que se decidisen a convocar concursos locais de cómics, animación á lectura de historietas, etc. O futuro da Banda Deseñada en Galicia depende de que os públicos amplos coñezan as posibilidades deste medio, e para iso hai que empezar polos máis novos. Se o Cómic segue a ser unha arte restrinxida a entendidos ou forofos, quizais poida resultar rendible para as editoras españolas, pero nunca para o ámbito galego. Polo tanto, que pequenas iniciativas vaian saíndo adiante ao longo da nosa terra abre esperanzas para este medio, un dos máis apaixonantes e asemade máis descoñecidos do mundo que nos tocou vivir.

Entrevista

Fran Jaraba

H. T.

Fran Jaraba (Pontevedra, 1957) acaba de editar o álbum de banda deseñada Cita na Habana (Edicións Xerais). Unha exposición cos seus orixinais está tamén presente no Festival «Viñetas desde o Atlántico», como digna representante da BD galega. É a recuperación para o cómic dun dos seus pioneiros galegos, que se dedicara nos últimos anos á ilustración. Unha noticia para celebrar non só desde o mundo do cómic, senón tamén desde a cultura galega.

Tempos — Este é un proxecto no que estiveches metido durante bastante tempo. ¿Cando e como xorde a idea deste álbum?

Fran Jaraba — Pois quizais xorde na miña primeira viaxe a Cuba, en 1987, pero como algo moi inconcreto. Algo así como «estaría interesante desenvolver unha historia ambientada na Guerra de Cuba —que é como a chamamos nós; para eles é a Guerra da Independencia— cando teña tempo, un ano destes».

T. — A realización dun álbum de cómic vén sendo como unha especie de carreira solitaria na que non se sabe a ciencia certa cando se chegará ao final. ¿Resultouche doado tomar a decisión de facer o álbum, sabendo ademais os problemas que existen para publicar cómic neste país, especialmente se é en cores?

F. J. — Si, resultou doado. Foi algo natural. Sentín que chegara o momento de facelo. Sabía que durante o tempo de traballo, que foi superior a dous anos, non podía ilustrar ningún libro, pero tamén sabía que tiña que ser así —o famoso «es muss sein» dos alemáns— e que se non o facía xa, non o faría nunca. De todos os xeitos, axudoume moito o feito de ter o pan asegurado, ilustrase ou non libros nese período, xa que daquela xa era funcionario —profesor de secundaria— e podíame permitir o luxo. Enfrontei o tema como quen comeza a escribir unha novela. Unha especie de aposta persoal.

T. — ¿Por que o tema da Guerra de Cuba? É dicir, ¿hai algunha razón en especial para te embarcares nun proxecto tan longo con ese tema en concreto?

F. J. — Como xa che comentei ó principio, pareceume un tema fascinante, como tantos outros que a epopea americana podería brindar. Sempre pensei que os anglosaxóns, a diferenza dos ibéricos, souberon desenvolver —e vendernos a todos— un xénero épico, na literatura, o cine, cómic, etc, que a

nós nunca nos deu por traballar, quizais por unha especie de vergoña histórica, non o sei.

T. — A historia está pensada para un público adulto, o que resulta unha novidade dentro das poucas publicacións de cómic que teñen feito as editoriais galegas. ¿O público galego (o público en sentido amplo) está preparado para entender que o cómic non é só para cativos?

F. J. — Esperemos que si, pola conta que me ten. Penso que hai un público adulto, algo nostálgico, que é o que leu os álbums de Blueberry ou Corto Maltés e que merca os de Giardino ou Miguelanxo Prado, e por outra parte hai un público potencial, máis xuvenil, que é o que hai que gañar para a «causa», ofrecéndolle produtos abundantes e de calidade. Ó mellor, o día menos pensado dan o salto desde os cómics de superheroes ou os mangas. Eu son optimista con reservas.

T. — ¿Que documentación empregaches para a idear a historia e para ambientar logo as imaxes?

F. J. — Desde libros testemuñais sobre a guerra, escritos na época polos propios protagonistas, ata as pasaxes históricas e literarias que describen autores cubanos como Alejo Carpentier. E sobre a parte gráfica, todo tipo de fotografías, tanto de libros como tomadas por min na propia illa, e gravados antigos, daquela Cuba que xa non existe. Tamén me documentei sobre armas e uniformes usados na guerra, con libros ou tomando apuntamentos do natural en museos militares, co meu lapisino.

T. — A historia editorial do álbum tamén foi longa. ¿Consideras que hai futuro para o cómic en Galicia, ou realmente a xente queda escarmentada unha vez pasada a experiencia? ¿Por onde cres que debería ir o mundo editorial no referente ao cómic?

F. J. — Si hai futuro para o cómic feito desde Galicia, pero sempre que non quede aquí, xa que o mercado é moi limitado —un «best-seller» en galego son cinco mil exemplares— e non compensa economicamente ós autores, que cobran como moito un 10 por cento das vendas. Terá futuro o autor que logre colocar a edición fóra, vertida a outras linguas. Respecto á actitude das editoriais, penso que deberían abrirse máis a dobres ou triplas edicións en varias linguas —disto saben moito os cataláns, que non son nada parvos—, e tamén está a saída das «coedicións» con editoriais de fóra de Galicia. Tal e como está a situación actualmente, a verdade é que para meterse a facer un álbum hai que estar un pouco tolo ou ser funcionario.